

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. O persoal estatutario dos servizos de saúde vén obrigado a?**

- A) Cumprir con dilixencia as instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos en relación coas funcións propias do seu nomeamento, e colaborar leal e activamente no traballo en equipo.
- B) Manter debidamente actualizados os coñecementos e aptitudes necesarios para o correcto exercicio da profesión ou para o desenvolvemento das funcións que correspondan ao seu nomeamento, a cuxo fin os centros sanitarios non deben facilitar o desenvolvemento de actividades de formación continuada.
- C) Dispor de servizos de prevención y de órganos representativos en materia de seguridad laboral
- D) Utilizar os medios, instrumental e instalacións dos servizos de saúde en beneficio do traballador, con criterios de eficiencia, e evitar o seu uso ilexítimo en beneficio propio ou de terceiras persoas.

**2. Entre as responsabilidades mínimas das Corporacións Locais en materia de Sanidade está?**

- A) Construír centros de saúde
- B) Contratar personal médico para a atención da súa poboación
- C) Control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria
- D) Non teñen ningunha responsabilidade en materia sanitaria

**3. Cal destas non é unha competencias ou facultade dos Delegados de Prevención?**

- A) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- B) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- C) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- D) Coñecer e informar a memoria e programación anual de servizos de prevención.

**4. Sempre que a duración dunha xornada exceda de seis horas continuadas, deberá establecerse un período de descanso durante a mesma de duración non inferior a ...**

- A) 15 minutos
- B) 1 hora
- C) 20 minutos
- D) 30 minutos

**5. Os municipios, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán entre outras, e con relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios una das seguintes obrigas derivadas das súas competencias:**

- A) A avaliación, en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) O control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, barberías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.
- C) A autorización para a creación, modificación, traslado e supresión ou peche de centros, servizos e establecementos sanitarios. O seu rexistro e catalogación.
- D) A provisión directa de servizos sanitarios.

**6. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- A) Os Deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo
- B) Os Deputados estarán suxeitos a mandato imperativo
- C) Os Deputados no están suxeitos a ninguna ley
- D) O Estatuto de Autonomía non especifica ningún tipo de mandato para os Deputados

**7. O paciente ten o dereito de acceso a?**

- A) a documentación da historia clínica pero non a obter copia dos datos que figuran na mesma.
- B) a documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma.
- C) a ler a historia clínica sen obter copias.
- D) Non ten dereito de acceso á historia clínica.

**8. Complete a frase: O responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos,...**

- A) obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro ou, no seu caso, co responsable do mesmo.
- B) obrigacións que non subsistirán despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro ou, no seu caso, co responsable do mesmo.
- C) obrigacións que subsistirán 5 anos despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro ou, no seu caso, co responsable do mesmo.
- D) obrigacións que subsistirán 10 anos despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro ou, no seu caso, co responsable do mesmo.

**9. Segundo a Constitución Española é un dereito fundamental?**

- A) O derieto á seguridade
- B) O dereito ao traballo
- C) O dereito a sanidade
- D) O dereito a unha vivenda

**10. Entre os requisitos dos aspirantes a un proceso selectivo do Servizo Galego de Saúde?**

- A) Posuír a nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España, ou ter recoñecido tal dereito por disposición legal.
- B) Posuír a nacionalidade española pero non dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España, ou ter recoñecido tal dereito por disposición legal.
- C) Posuír a nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España, non ten validez o recoñecemento por por disposición legal.
- D) No posuír a nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ao Tratado da Unión Europea ou a outros tratados ratificados por España, ou ter recoñecido tal dereito por disposición legal.

Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 6 da Constitución os partidos políticos expresan?**

- A) As súas ideas políticas
- B) O pluralismo político
- C) O que quere o pobo español
- D) A súa identidade

**2. ¿Que definición é correcta?**

- A) Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.
- B) Os Delegados de Prevención teñen funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo, sen necesidade de ser representantes dos traballadores.
- C) Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores sen funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.
- D) Os Delegados de Prevención non existen.

